

PASEARTE

Do 2 de decembro ao 5 de xaneiro, 2017-2018

I MOSTRA DE ARTE NOS ESCAPARATES DE SANTIAGO CENTRO

FOROS DE ARTE

📅 14 DE DECEMBRO
📍 CSX O Ensanche
🕒 18 h

As galerías de arte. Acción cultural e coleccionismo

Participantes: Asunta Rodríguez, (Galería Trinta), Luisa Pita (Galería Luisa Pita), Lucía Carballeda (Galería Federica no era tonta) e Javier Blanco (Galería Metro)

Os responsables das galerías de arte de Compostela que participan en Pasearte compartirán cos asistentes as súas experiencias no día a día. Tocaranse aspectos relacionados coa selección dos artistas e coa súa promoción, o deseño da programación, o mercado da arte ou a xestión da actividade propiamente empresarial. Nun foro aberto a todo tipo de preguntas relacionadas coa profesión de galerista como mediador cultural, falarase da importancia da acción destes espazos na vida cultural da cidade e do coleccionismo de arte accesible, sen tópicos elitistas, como mecanismo de sostibilidade da creación contemporánea.

📅 20 DE DECEMBRO
📍 CSX O Ensanche
🕒 18 h

Os museos na vida cultural da cidade

Participantes: Santiago Olmo director do Centro Galego de Arte Contemporánea, María Pereira directora de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia, Eduardo Valiña, conservador xefe da Fundación Eugenio Granell

Os museos e centros culturais contemporáneos deben ser espazos plurais, abertos aos cambios constantes que a propia sociedade impón. Non só son contedores e expositores de coleccións, senón tamén creadores de experiencias artístico-culturais, sendo auténticos dinamizadores e formadores do pensamento crítico da cultura visual, buscando a ruptura do espectador pasivo e dando paso á participación interactiva do mesmo coa obra artística. Neste sentido os responsables de tres centros de arte de referencia da cidade, nun foro aberto á participación, desvelarannos as claves da súa xestión, compartirán as súas experiencias e expoñerannos as súas estratexias para que o museo sexa ese espazo vivo, participativo, enriquecedor e multidisciplinar, capaz de xerar vivencias transformadoras para os cidadáns.

📅 21 DE DECEMBRO
📍 DIDAC
Pérez Constanti, 12 baixo
🕒 20 h

Presentación do arquivo DIDAC

O Arquivo DIDAC pretende ser unha plataforma dixital dentro da cal amosar o traballo de creación en Galicia. En constante actualización, compilará unha serie de obras de creadores galegos contemporáneos, prestando especial atención a artistas e deseñadores, arquitectos, cineastas, músicos, escritores e axentes culturais de Galicia. Nesta mesa redonda, coa participación dos creadores presentes no Arquivo, presentaranse as súas actividades.

Para máis información sobre DIDAC www.didac.gal

📅 30 DE DECEMBRO
📍 CSX O Ensanche
🕒 18 h

A arte como ferramenta de inclusión social

Ao longo das últimas décadas púxose de manifesto a importancia das artes como ferramentas útiles para a integración social, especialmente os seus beneficios no ámbito das discapacidades. Contaremos con persoas que nos falarán das súas experiencias neste campo, da importancia de promover accións artísticas en ambientes normalizados para persoas con capacidades diferentes. Accións dirixidas a promover a participación, a creatividade, a capacidade crítica ou o desenvolvemento das habilidades manuais, que, ademais, contribúen a estimular a autoestima e a consideración social.